

PROGRAMACIÓN

PLÁSTICA

2º CURSO

Carlos Lombao Gómez

CEIP Plurilingüe Virxe do Portal

Curso académico 2022-2023

ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.	3
2.	AS COMPETENCIAS EDUCATIVAS DO CURRÍCULO.	3
3.	OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN PRIMARIA. 4	
4.	A ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.	5
5.	CONTIDOS.	6
4.	AVALIACIÓN.	8
4.1.	Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.	8
4.2.	Mínimos esixibles.	11
4.3.	Criterios de cualificación.	11
5.	METODOLOXÍA.	12
6.	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	13
6.1.	A diversidade na aula.	13
6.2.	Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	14
7.	CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.	14

1. INTRODUCCIÓN.

O CEIP Plurilingüe Virxe do Portal atópase no concello de Sobrado dos Monxes, conta este curso escolar con 2 unidades de Educación Infantil e 3 unidades de Educación Primaria, tratándose de grupos mixtos, cun total de 51 alumnos/as matriculados no centro.

Durante o presente curso escolar participaremos en todas aquelas actividades promovidas polo centro nas que se requira a nosa cooperación (celebracións, biblioteca, saídas, participación en concursos de debuxo, etc...).

Ademais, ó tratarse de un centro plurilingüe, a materia de plástica dos cursos de Educación Primaria ensínase en inglés.

2. AS COMPETENCIAS EDUCATIVAS DO CURRÍCULO.

En liña coa Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, este real decreto baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, que han de supoñer un importante cambio nas tarefas que han de resolver os alumnos e formulacións metodolóxicas innovadoras. A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplanse, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

Adóptase entón a denominación das competencias crave definidas pola Unión Europea. Considérase que “as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”. Identifícanse sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades europeas, o

crecemento económico e a innovación, e descríbense os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha de elas.

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

3. OBXECTIVOS CURRICULARES DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con eles, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, si houbera, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións

elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

4. A ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA.

A área de Educación Artística dividiuse en dúas partes: a Educación Plástica e a Educación Musical, atendendo ao estudo das dúas linguaxes propios de cada un destes ámbitos. Á súa vez, cada un deles se subdivide en tres bloques, que aínda estando relacionados entre si manteñen certas diferenzas co resto. Non entanto, no seu desenvolvemento metodolóxico o docente poderá abordar de xeito conxunto os diferentes bloques.

Bloques da Educación Plástica:

- Bloque 1. Educación audiovisual.
- Bloque 2. Educación artística.

5. CONTIDOS.

Bloque 1. Educación audiovisual.

- B1.1.Exploración sensorial de elementos presentes no contorno natural (plantas, árbores, minerais, animais, auga etc.).
- B1.2. Observación de elementos plásticos do entorno artificial (edificios, mobiliario urbano, luminosos, sinais etc.).
- B1.3. Observación comentario da obra plástica e visual no contexto, en exposicións e en museos.
- B1.4. Curiosidade por descubrir as posibilidades artísticas que ofrece o contexto. Identificación de nomes da profesión artística.
- B1.5. Descrición de imaxes presentes no contexto.
- B1.6. Exploración dos elementos plásticos nas imaxes (ilustracións, fotografías, cromos, carteis, logos, etc.).
- B1.7. Manipulación de obxectos cotiás con diferentes texturas e formas.
- B1.8. Descrición verbal de sensacións e observacións.
- B1.9. Exploración de distancias, percorridos e situacións de obxectos e persoas en relación co espazo.
- B1.10. Observación de diferentes maneiras de representar o espazo (fotografía aérea, planos, maquetas, mapas, etc.).
- B1.11. Experimentación con ferramentas nas actividades plásticas e con diversos soportes.

Bloque 2. A expresión artística.

- B2.1. Exploración de cores, mesturas e manchas de cor con diferentes tipos de pintura e sobre diversos soportes.
- B2.2. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas dos elementos naturais e artificiais do entorno próximo.
- B2.3. Elaboración de debuxos, pinturas, colaxes, estampaxes, encartados, ilustracións, etc.
- B2.4. Manipulación e transformación de obxectos para o seu uso noutras actividades escolares.
- B2.5. Experimentación con tipos de liñas (curva, recta, quebrada etc.).

- B2.6. Exploración das liñas que delimitan contornos e do espazo que delimita a forma aberta, pechada, plana e en volume.
- B2.7. Exploración visual e táctil da figura humana.
- B2.8. Exploración de recursos dixitais para a creación de obras artísticas.
- B2.9. Interese por usar axeitadamente e de maneira progresiva os instrumentos, os materiais e os espazos.
- B2.10. Satisfacción coa manipulación e a exploración dos materiais.
- B2.11. Interese polo traballo individual e colectivo confiando nas posibilidades da produción artística.
- B2.12. Respecto polas contribucións dos compañeiros e das compañeiras, e disposición para resolver as diferenzas.

4. AVALIACIÓN.

4.1. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
Bloque 1. Educación audiovisual.						
B1.1	EPB1.1.1. Describe e identifica as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	Describe en termos simples materiais, obxectos e instrumentos.	X	X	X	CCEC CCL
B1.2	EPB1.2.1. Usa termos sinxelos e adecuados para comentar as obras plásticas observadas.	Fai algún comentario sobre as obras plásticas observadas	X	X	X	CCL CCEC
	EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.	Identifica algunha característica dalgunha obra artística.	X			CCL CCEC
B1.3	EPB1.3.1. Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades.	Realiza debuxos e colorea con diferentes tonalidades	X	X	X	CCL CCEC
	EPB1.3.2. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as diferentes formas, cores e texturas.	Utiliza creativamente diferentes formas, cores e texturas.	X	X		CCEC
B1.4	EPB1.4.1. Identifica diferentes formas de representación do espazo.	Diferencia formas de representar o espazo.		X		CCL CCEC
	EPB1.4.2. Representa de diferentes maneiras o espazo.	Representa o espazo.		X		CCEC

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
B1.5	EPB1.5.1. Practica con precisión o recorte, o pegado, o pintado, etc.	Utiliza técnicas artísticas como o recorte, o pegado ou o pintado, aínda que non sexa con precisión	X	X	X	CCEC CAA
Bloque 2. Expresión artística.						
B2.1	EPB2.1.1. Manexa en producións propias as posibilidades que adoptan as cores.	Entende as posibilidades artísticas das cores e emprégaas axeitadamente	X	X		CCEC CAA
	EPB2.1.2. Realiza correctamente mesturas de cores primarias.	Realiza correctamente mesturas de cores primarias.		X		CCEC CAA
	EPB2.1.3. Clasifica e ordena as cores primarias (maxenta, cian e amarelo) e secundarias (verde, violeta e vermello) no círculo cromático, e utilízalas con sentido nas súas obras.	Diferencia as cores primarias das secundarias e é capaz de clasificar algunha delas no círculo cromático.		X		CCEC CAA
	EPB2.1.4. Coñece a simboloxía das cores frías e cálidas, e aplica estes coñecementos para transmitir diferentes sensacións nas composicións plásticas que realiza.	Utiliza cores frías e cálidas convenientemente dependendo do que desexe transmitir			X	CCEC CAA
B2.2	EPB2.2.1 Utiliza o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario.	Utiliza o punto, a liña e o plano para representar o entorno.			X	CCEC
	EPB2.2.2. Realiza composicións plásticas que representan o mundo imaxinario, afectivo e social.	Representa o seu imaxinario individual e colectivo mediante obras plásticas	X	X	X	CCEC CSC

Criterio de avaliación	Estándares	Indicador mínimo de logro	T1	T2	T3	CC
B2.3	EPB2.3.1. Practica con precisión o recorte e o encartado para crear obras bidimensionais e tridimensionais.	Crea obras bidimensionais e tridimensionais.	X	X	X	CCEC CAA
	EP2.3.2. Utiliza a técnica de colaxe para realizar unha obra persoal con limpeza e precisión.	Utiliza a técnica da colaxe.		X	X	CCEC CAA
B2.4	EP2.4.1. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.	X	X	X	CCEC CAA
	EP2.4.2. Emprega ferramentas básicas do debuxo (regra e escuadro) para realizar diferentes formas xeométricas.	Fai uso da regra e o escuadro para realizar figuras xeométricas		X	X	CCEC CAA
	EP2.4.3. Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.	Manexa a cuadrícula para respectar as proporcións das formas.			X	CCEC CAA
B2.5	EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.	Debuxa a figura humana e diferencia as súas principais partes.	X			CCEC CMCCT
B2.6	EP2.6.1. Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual.	Representa imaxes despois de observalas.			X	CCEC
	EP2.6.2. Deseña sinxelas creacións plásticas despois de recoller información por medios audiovisuais.	Realiza obras plásticas a partir de información recollida previamente.			X	CCEC CD
B2.7	EP2.7.1. Coida o material e respecta as normas preestablecidas.	Coida o material e respecta as normas preestablecidas	X	X	X	CSC
B2.8	EP2.8.1. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo.	Realiza creacións propias e colabora activamente nas grupais.	X	X	X	CSC

4.2. Mínimos esixibles.

Para superar a materia, o alumnado deberá ser quen de:

- Identificar os diferentes materiais e formas de expresión plástica.
- Identificar as formas básicas e diferentes tonalidades e texturas.
- Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta, etc.) e formas xeométricas.
- Coidar, respectar e utilizar axeitadamente os materiais, os utensilios e os espazos.

4.3. Criterios de cualificación.

O curso escolar estará dividido en tres trimestres diferenciados. Ao final de cada trimestre se lles entregará ás familias un boletín informativo que atendendo ao disposto na Orde do 9 de xuño de 2016 de avaliación de educación primaria, terán que reflectir en notas numéricas os resultados obtidos polos alumnos. Para iso, terase en conta o seguinte:

- Actividades e creacións plásticas: 60%.
- Actitude durante a clase (que será avaliada por medio da seguinte rúbrica): 40%.

COMPORTAMENTO	ATENCIÓN	IMPLICACIÓN
5 ptos: amosa sempre un comportamento axeitado e case nunca causa problemas ou distrae a compañeiros. Respecta sempre as normas de clase.	5 ptos: sempre presta atención durante a clase e amosa unha moi boa actitude cara o aprendizaxe. Escoita activamente e distráese moi pouco.	5 ptos: completa sempre as tarefas e actividades diarias con corrección e adecuación, no tempo establecido.
4 ptos: o comportamento habitual é apropiado e amosa poucas desviacións, que ocorren de forma moi ocasional. Distrae poucas veces e respecta habitualmente as normas de clase.	4 ptos: a atención é constante durante a maior parte das clases e a súa actitude cara o aprendizaxe é boa. Distráese algo pero fai esforzo por escoitar.	4 ptos: completa as tarefas e actividades a maioría das clases con corrección e adecuación, aínda que algunhas veces se retrasa.
3 ptos: o comportamento adoita ser axeitado pero amosa bastantes desviacións. Distrae algunhas veces e respecta as normas algunhas veces.	3 ptos: presta atención unha parte das clases e distráese bastante. A súa actitude cara o aprendizaxe é mellorable.	3 ptos: completa as tarefas e actividades bastantes veces con corrección e adecuación mellorables. Adoita tardar en rematalas.

2 ptos: non se comporta ben a meirande parte do tempo. Ocasiona moitas distraccións para os compañeiros e case nunca respecta as normas.	2 ptos: a súa atención só e ocasional ou cando está motivado/a. A moso unha actitude cara o aprendizaxe regular.	2 ptos: completa as tarefas e actividades poucas veces e amosa unha corrección e adecuación limitadas. Non se esforza para terminalas a tempo.
1 pto: case nunca amosa un bo comportamento e amosa moitas condutas disruptivas. Só respecta ocasionalmente algunha norma.	1 pto: non presta atención nunca ou case nunca e non amosa ningunha motivación intrínseca. A actitude cara o aprendizaxe é mala.	1 pto: case nunca completa as tarefas e actividades. Non amosa un mínimo interese para realizalas.

5. METODOLOXÍA.

Debido a que nos encontramos nun centro plurilingüe, o ensino desta materia realizarase utilizando o inglés como lingua vehicular das clases. Con todo, non se trata unicamente de traducir ás actividades do español ó inglés, senón que hai que redeseñar completamente as actividades de forma que o idioma non supoña ningún impedimento para a súa correcta realización.

Para iso utilizarase a metodoloxía AICLE (Aprendizaxe Integrado de Contidos en Linguas Estranxeiras), que é un enfoque dual no cal unha lingua estranxeira é empregada para o ensino simultáneo de contidos e linguas. Algunhas das características básicas desta metodoloxía son as seguintes:

- Medio de ensino: utilízase un idioma que non é nativo para o alumnado.
- Cooperación: o profesorado especialista na lingua estranxeira debe colaborar co profesorado titor para conseguir unha educación interdisciplinar.
- Integración: o aprendizaxe de idiomas ten lugar nunha área ou materia non lingüística, para o que se utiliza apoio visual, experimentos e actividades manipulativas)

Por outro lado, tendo en conta o modelo 4Cs de Coyle, toda clase que se apoie nesta metodoloxía debe combinar os seguintes elementos:

- Contido: o alumnado debe progresar no seu coñecemento da área curricular obxecto do ensino.
- Comunicación: utilizar a lingua estranxeira para aprender de igual forma que se aprende a usar a mesma lingua.
- Cognición: o alumnado debe desenvolver destrezas cognitivas que vinculan a formación e o entendemento de conceptos a través da lingua estranxeira.

- **Cultura:** o alumnado debe entender a súa propia cultura e a súa relación con outras, particularmente a cultura dos países que teñen como oficial a lingua estranxeira.

Tendo en conta esto último, é preciso destacar que a cultura será un compoñente moi importante da miña metodoloxía. Deste xeito, unha maioría de actividades tratarán diversos conceptos da cultura anglosajona, o que enriquece significativamente a aprendizaxe do alumnado.

6. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

6.1. A diversidade na aula.

O ensino debe estar en consonancia cos procesos de aprendizaxe do alumnado. Non todos os alumnos e alumnas aprenden da mesma forma nin coa mesma rapidez. Non todos teñen as mesmas habilidades, nin parten de mundos iguais, nin posúen os mesmos coñecementos previos, etc.

É necesario, polo tanto, prestarlle atención a esta diversidade se se pretende que todo o alumnado se vexa inmerso nun proceso de ensinanza-aprendizaxe adecuado ás súas características. Ninguén deberá sentir que non avanza todo o que pode, polo tanto, atenderase constantemente a estas diferenzas presentando as actividades de forma diversa, modificándoas ou mesmo facéndolas desaparecer e creando outras máis oportunas. O profesorado deberá ser consciente en todo momento desas diferenzas, non só á hora de avaliar, senón tamén á hora de ensinar e de planificar o proceso de ensinanza.

O noso proxecto ten en conta aqueles casos nos que o progreso dalgúns dos nosos alumnos non responda ós obxectivos que se programaron, así coma os casos en que algúns destaquen na consecución de obxectivos e que, ante a falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese para realizar as actividades.

A concepción da escola como grupo humano implica a aceptación da diversidade de alumnos/as que, como parte dela, integran e enriquecen a labor educativa. Esta aceptación da diversidade do alumnado supón por parte dos mestres e mestras unha análise e unha reflexión sobre o seu grupo de alumnos/as aceptando que cada un deles ten os seus propio intereses, capacidades e necesidades.

Faise, polo tanto, necesario por parte dos educadores a adopción e utilización de estratexias efectivas que garantan atención á diversidade do aula. Estratexias tales como:

- Modificación dos tempos nas actividades de aprendizaxe, adaptándose aos ritmos indicados de cada alumno/a.
- Adecuación da axuda pedagóxica, valorando os resultados que se vaian obtendo nos procesos de avaliación.
- Axeitar a metodoloxía ás diferentes necesidades do momento.

- Adecuación de cada unha das actividades ás diferenzas individuais do alumnado do aula.

Esta programación deseñouse cun carácter aberto e flexible que nos permite cunha mesma actividade se realice de diferentes formas segundo as diferenzas individuais de cada neno.

6.2. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Se ben quedou claro que cada un dos alumnos que forman o grupo aula son susceptibles dunha ensinanza individualizada, e que presentarán, sen ningún lugar a dúbidas, características propias que deberemos ter en conta en cada momento, non todos os alumnos adquiren do mesmo xeito nin a mesma velocidade os contidos polo que, nos materiais curriculares desenvólvese un proceso continuo de reciclaxe e de revisión dos contidos.

Por outra parte os contidos básicos do proxecto repítense en contextos e situacións diferentes; isto permite que, sen perder nin a motivación nin o interese, se estean realizando tarefas diferentes ás propostas anteriormente, aínda que inclúan conceptos e procedementos xa traballados.

7. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Esta programación será obxecto de revisión con carácter sistemático para observar os posibles cambios que serían perceptivos durante o desenvolvemento da mesma.

De maneira trimestral revisaremos o grado de consecución dos obxectivos e a evolución da mesma.